



INDICE GENERAL



CLASIFICACIÓN del MONTE:

Farelo e Costa da Pena

COMUNIDAD PROPIETARIA

AIAN, VAL, TRASCASTRO

LUGAR / PARROQUIA

Concello

Trabancas


GOLADA, A

- A) RESOLUCIÓN DE LA CLASIFICACIÓN INICIAL
- B) RESOLUCION DE LA MODIFICACIÓN DE SUPERFICIE
- C) CROQUIS O PLANOS DE LA CLASIFICACION
- D) PLANOS DEL DESLINDE
- E) CONVENIOS
- F) ACTOS DE DISPOSICIÓN
- G) RECURSOS ADMINISTRATIVOS
- H) SENTENCIAS JUDICIALES



Jurado Provincial de
Montes Vecinales en Mano Común

PONTEVEDRA



Asistentes:

Presidente:

Ilmo. Sr. Don Juan Estévez Novas,
Delegado Provincial de la Conselle-
ría de Agricultura, Pesca y Alimen-
tación.

Vocales:

Don Juan Areses Trapote
Don Pedro Rial López
Don Ricardo García Bonregón
Don Antonio Fraga García

Secretario:

Don Ramón Otero Fernández

En la Ciudad

de Pontevedra, siendo las

diecisiete horas del día

veintitres de febrero de

---000---

mil novecientos ochenta y cuatro, con asistencia de los señores -
que al margen se expresan, se reunió el Jurado Provincial de Mon-
tes Vecinales en Mano Común, con objeto de estudiar la clasifica-
ción del monte que se indica, sito en el término municipal de

G O L A D A

, y -



Jurado Provincial de
Montes Vecinales en Mano Común

PONTEVEDRA

Ilmo. Sr.:

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 25 montes radicados en el Ayuntamiento de Golada entre los que figuran el que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: Farselo y Costa da Pena

Cabida: 286 Has.

Límites:

Norte: Monte de la parroquia de Borraxeiros.

Este: Monte de término de Antas de Ulla (Lugo)

Sur: Montes de la parroquia de Ventosa.

Oeste: Fincas particulares de Aván, Val Trasecastro y montes de Couso, Iemas, Romariz y Trabancas.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 31 de mayo de 1.982, se acordó iniciar los trámites para la clasificación de 25 montes radicados en el Ayuntamiento de Golada.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Talín la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente propuesta:

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Golada, así como a todos los vecinos interesados en el monte, y que se publicó a estos efectos en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 182 de fecha 10 de agosto de 1.982, concediéndose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento se persona en el expediente aportando acuerdo en el que se dice que se deben clasificar los montes que figuran en el primer resultando, y que se deben asignar a los lugares de Aván, Trasecastro y Val, de la parroquia de Trabancas.

RESULTANDO: Que la Cámara se persona fuera de plazo en el expediente admitiendo el carácter comunal del monte, pero existiendo dudas sobre el disfrute vecinal de los lugares a que corresponde.

RESULTANDO: Que el monte objeto de la presente propuesta hay antecedentes de que está inscrito en el Registro de la Propiedad.

RESULTANDO: Que en la relación de montes exceptuados de la desamortización del año 1.844, no figuran los montes a 2 que se refiere este expediente.

RESULTANDO: Que los montes citados no figuran incluidos en el --



Jurado Provincial de
Montes Vecinales en Mano Común

PONTEVEDRA

Catálogo de Utilidad Pública.

- RESULTANDO:** Que de las informaciones recogidas los montes vienen siendo aprovechados por los vecinos de los lugares de Ayán, Trascastro y Val.
- VISTOS:** La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 11 de noviembre de 1.980 y el Reglamento para su aplicación en lo que no se oponga a esta Ley; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.
- CONSIDERANDO:** Que el artículo 1 de la Ley de 11 de noviembre de 1.980 de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengán aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.
- CONSIDERANDO:** Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anomalía, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.
- CONSIDERANDO:** En definitiva que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos con sujeción al régimen jurídico que establecen los artículos 2 al 7 de la citada Ley, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.



Jurado Provincial de
Montes Vecinales en Mano Común

PONTEVEDRA

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acuerda:

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO COMUN EL MONTE DENOMINADO PARELO Y COSTA DA FENA, TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL PRIMER RESULTADO DE ESTA RESOLUCION COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE LOS LUGARES DE AYAN, TRASCAS-
URO Y VAL, DE LA PARROQUIA DE TRABANCAS, DEL TERMINO MUNICIPAL DE GOLADA POR REUNIR LOS REQUISITOS EXIGIDOS POR EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO CO-
MUN.

La presente RESOLUCION podrá ser impugnada ante la Jurisdicción Ordinaria si procede, ó en vía contencioso-administrativa ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLUCION.


Lo que comunico a Vd., a los efectos oportunos y en cumplimiento de lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo 24 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

Pontevedra, 26 de Marzo de 1.984.

EL SECRETARIO DEL JURADO,

PO 20 22.1,6,7 1

Tno. de Antas de Ulla





Para os efectos previstos na Disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dásele publicidade ao acordo acadado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o 28 de febreiro de 2024, respecto á revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal denominado "Farelo e Costa da Pena" da Comunidade de Montes Veciñais en man Común de Aian, Val e Trascastro, no concello da Golada (Expediente: RE22050).

O 15.12.2023 o Servizo de Montes desta Xefatura Territorial emite o seguinte informe:

"Feitos:

Primeiro. O 27.09.2022 e número 2022/2373646 a Comunidade de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) de Aian, Val e Trascastro (Agolada) solicita a revisión do esbozo do monte "Farelo e Costa da Pena" (Resolución de clasificación do 23.09.1984). A dita solicitude deu lugar a apertura do expediente RE22050. Consta no expediente logo de varias achegas de documentación:

- Informe técnico da revisión do esbozo do monte veciñal en man común (en diante MVMC) "Farelo e Costa da Pena", parroquia de Trabancas, concello de Agolada de setembro do 2022. Asinada polo enxeñeiro de montes colexiado núm. 5039.
- Certificado do secretario coa conformidade do presidente da CMVMC de Aian, Val e Trascastro do 04.09.2022 da aprobación en asemblea xeral do 04.09.2022.
- Cartografía en formato dixital ETRS 89 UTM ZONE 29N.

Segundo. O obxecto da revisión do esbozo é parte do perímetro do MVMC "Farelo e Costa da Pena" con Resolución de clasificación do 23.02.1984 e unha superficie de 286 has. Proponse a modificación do perímetro cos propietarios particulares axustado ao catastro. A CMVMC de Aian, Val e Trascastro con NIF V-36255164, posúe a titularidade das parcelas anexas. Estas parcelas foron obxecto dunha concentración parcelaria con data do 7 de setembro de 1989. Tendo en conta esta concentración parcelaria, as parcelas resultantes adxudicadas á CMVMC de Aian, Val e Trascastro e que antes non eran propiedade da mesma, pasan a selo, notificándose esta reorganización da propiedade ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, que integrará a superficie concentrada de monte veciñal con plenos efectos xurídicos, en base ó punto 6 do Artigo 70 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

Segundo os datos do Sistema Rexistral Forestal regulado no artigo 126 da Lei 7/2012, de montes de Galicia:

- Non consta contrato de xestión coa Consellería do Medio Rural.





- A CMVMC de Aian, Val e Trascastro dispón dun documento de ordenación forestal inscrito no Rexistro de montes ordenados de Galicia co núm. 360101 e vixente ata 2031.
- Non constan actos de disposición que modifican o perímetro e superficie do MVMC.
- O esbozo respecta o deslinde coa CMVMC de Farelo do concello de Antas de Ulla (Lugo).

Terceiro. A superficie e perímetro da revisión do esbozo proposto total é de 247,93 has e 17,10 qm e segundo o indicado na memoria técnica queda definido do seguinte xeito:

Monte: Farelo e Costa da Pena

Superficie: 247,93 has

Norte. Montes da parroquia de Borraxeiros.

Este. Monte de termo de Antas de Ulla (Lugo).

Sur. Montes da parroquia de Ventosa.

Oeste. Fincas particulares de Aián, Val e Trascastro e montes de Couso, Lamas, Romariz e Trabancas.

Cuarto. O 30.11.2022, o Xurado provincial de MVMC de Pontevedra acorda solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Aian, Val e Trascastro (Agolada), Exped.: RE22050, coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño de 2012, de montes de Galicia.

Consideracións Legais e Técnicas

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en adiante, LMG), na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

<1. Os esbozos de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúnan as características de fiabilidade e precisión que exixen as novas técnicas topográficas poderán ser obxecto de revisión total ou parcial, axustándose e completándose con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios, en particular os requiridos para a súa inmatriculación no rexistro da propiedade.

2. Para estes efectos, o xurado provincial de montes veciñais en man común, de oficio ou por instancia de parte, poderá solicitar á Administración forestal unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal en man común. Na proposta non poderán incluírse parcelas que figuren inmatriculadas no rexistro da propiedade a favor de persoas físicas ou xurídicas distintas á comunidade





veciñal de montes.

3. Unha vez aceptada a proposta polo xurado, poñerase en coñecemento da comunidade propietaria e publicarase no Diario Oficial de Galicia para o resto de posibles interesados.

4. Aceptada a revisión, poderase proceder á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso se axustará ao plano que resulte da dita revisión. A marcaxe poderá ser realizada de oficio pola propia Administración forestal ou por instancia das comunidades propietarias.

5. Se durante a revisión ou a marcaxe se suscitan cuestións relativas á propiedade, poñerase fin ao procedemento, dentro do perímetro cuestionado, sen máis trámites. Este acordo de finalización e arquivo parcial do procedemento non será susceptible de impugnación na vía administrativa, sen prexuízo da facultade dos interesados de acudir á vía xurisdiccional civil, por ser esta a competente para dirimir tal controversia.>

Segunda. A revisión do esbozo do monte Farelo e Costa da Pena proposta polo Servizo de Montes é a presentada pola CMVMC de Aian, Val e Trascastro, e queda definido consonte os datos reflectidos no feito terceiro, e a documentación achegada.”

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal denominado Farelo e Costa da Pena e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este Xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar a revisión do esbozo do monte veciñal denominado Farelo e Costa da Pena clasificado a prol da CMVMC de Aian, Val e Trascastro (A Golada), segundo a proposta do Servizo de Montes e a planimetría elaborada polo mesmo.

Antonio Crespo Iglesias

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra

sinatura dixital



583500

585000

4737000

4737000



— Revisión de esbozo aprobada
— Axuste ao esbozo anterior

Fonfría

Ludeiro

Antas de Ulla

Agolada

Trascastro

Farelo e Costa da Pena
247,93 ha.

Val, O

Aián

4735500

4735500

4734000

4734000

583500

585000

Escala: 1:15.000 (etrs89)

Xaneiro 2024

Revisión de esbozo parcial
Monte: ID 2768 - Pertenza: ID 2625
Expte.: RE22050

CMVMC de AIAN, VAL e TRASCASTRO
Concello de Agolada



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dep. Territorial de Pontevedra
Servizo de Montes

CVE: CCX1F60g3680
Verificador: https://sede.xunta.gal/cve



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 14 de agosto de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo sobre o deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Aían, Val e Trascastro (concello de Agolada) e Santo Estevo de Castro, San Fiz e San Martiño de Amarante (concello de Antas de Ulla), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22107).

Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo adoptado polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, o 26 de xuño de 2024, en relación co deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común de Aian, Val, Trascastro (Agolada, provincia de Pontevedra) e Santo Estevo de Castro, San Fiz e San Martiño de Amarante (Antas de Ulla, provincia de Lugo), ao respecto da estrema común dos seus montes (expediente DC22107).

Feitos:

Primeiro. O 29.9.2022 o presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en diante, CMVMC) de Aian, Val, Trascastro presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co número de entrada 2022/2401065, unha solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Aian, Val, Trascastro (Agolada, provincia de Pontevedra) e a CMVMC de Santo Estevo de Castro, San Fiz e San Martiño de Amarante (Antas de Ulla, provincia de Lugo).

Os Montes Veciñais en Man Común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

– MVMC de Farelo e Costa da Pena (ID Monte: 2768) da CMVMC de Aian, Val, Trascastro.

– MVMC Farelo (ID Monte: 289) da CMVMC de Santo Estevo de Castro, San Fiz e San Martiño.



Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

- Acta do deslindamento o 22.1.2022.
- Acta de conciliación entre as comunidades no Xulgado de Paz de Agolada o 26.9.2022.
- Certificado do secretario da CMVMC de Aian, Val e Trascastro coa conformidade do presidente do 12.6.2022 da aprobación en Asemblea do 12.6.2022.
- Certificado do secretario da CMVMC de Santo Estevo do Castro, San Fiz e San Martiño de Amarante coa conformidade do presidente do 25.9.2022 da aprobación en Asemblea do 25.9.2022.
- Memoria descritiva co plano de deslindamento e a cartografía en formato dixital no Datum ETRS89/UTM, zona 29N, EPSG: 25829. Asinado o 3.1.2024 pola enxeñeira técnica forestal colexiada número 5039 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Forestais (COETF) de Galicia. A emenda realizada produce a modificación desta.
- Informe de validación gráfica catastral con CSV: 73AE3FE5CA62TXBK e RGHF MJAPYYM374R8 (para a comunicación da alteración catastral consonte o artigo 55.3 da Lei 7/2012), que polo principio de colaboración entre administracións deberá verificar a Xerencia Territorial de Catastro.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 1.483 metros e está composta polos seguintes puntos:

Punto P.01	x: 585.773,43	y: 4.733.977,10
Punto P.02	x: 585.761,98	y: 4.733.995,49
Punto P.03	x: 585.724,23	y: 4.734.019,81
Punto P.04	x: 585.616,73	y: 4.734.152,23
Punto P.05	x: 585.421,78	y: 4.734.444,52
Punto P.06	x: 585.350,62	y: 4.734.572,53
Punto P.07	x: 585.184,19	y: 4.734.913,88
Punto P.08	x: 585.137,76	y: 4.734.961,60
Punto P.09	x: 585.052,80	y: 4.735.030,59
Punto P.10	x: 584.988,45	y: 4.735.105,05
Punto P.11	x: 584.943,07	y: 4.735.187,48



Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos MVMC, detéctase que existen lindes entre ambas, a excepción dun tramo entre o punto 8 e o punto 11, onde os lindes da CMVMC de Santo Estevo de Castro, San Fiz e San Martiño de Amarante quedan xustificados pola titularidade catastral e o informe emitido polo Servizo de Montes de Lugo do 27.11.2023. E non afecta terceiros propietarios.

A liña respecta a liña de deslindamento do Instituto Xeográfico Nacional entre os concello de Agolada e Antas de Ulla, a excepción do tramo entre o punto 1 e 2.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación. A CMVMC de Aian, Val, Trascastro presenta un expediente de revisión de esbozo RE22050 e a CMVMC de Santo Estevo de Castro, San Fiz e San Martiño debera proceder mediante algún dos expedientes recollidos na lexislación para adaptar as superficies actualmente recollidas no Rexistro de MVMC de Lugo coas realmente pertencentes á comunidade.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53, polo que propón a aprobación do deslindamento segundo a liña presentada.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A presente resolución dítase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segunda. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Aian, Val, Trascastro (Agolada, provincia de Pontevedra) e a CMVMC de Santo Estevo de Castro, San Fiz e San Martiño de Amarante (Antas de Ulla, provincia de Lugo), respecto da súa estrema común nos termos indicados no feito terceiro.



Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Pontevedra, 14 de agosto de 2024

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra




Punto	X	Y
1	585773,43	4733977,10
2	585761,98	4733995,49
3	585724,23	4734019,81
4	585616,73	4734152,23
5	585421,78	4734444,52
6	585350,62	4734572,53
7	585184,19	4734913,88
8	585137,76	4734961,60
9	585052,80	4735030,59
10	584988,45	4735105,05
11	584943,07	4735187,48

**CMVMC DE SAN ESTEVO DE CASTRO,
SAN FIZ E SAN MARTIÑO DE
AMARANTE**

CMVMC DE AIAN, VAL, TRASCASTRO

DC22107

- Puntos do deslindamento
- Liña do deslindamento
- Concellos_IGN



XUNTA DE GALICIA | **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

Deslindamento entre a CMVMC de Aian, Val e Trascastro (Concello Agolada, provincia de Pontevedra) e a CMVM de San Estevo de Castro, San Fiz e San Martiño de Amarante (Concello de Antas de Ulla, provincia de Ourense)

XEFACTURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVICIO DE MONTES

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:5.000

Febreiro-2024

Punto	X	Y
1	585773,43	4733977,10
2	585761,98	4733995,49
3	585724,23	4734019,81
4	585616,73	4734152,23
5	585421,78	4734444,52
6	585350,62	4734572,53
7	585184,19	4734913,88
8	585137,76	4734961,60
9	585052,80	4735030,59
10	584988,45	4735105,05
11	584943,07	4735187,48

27003A07700823

36020J50500272

**CMVMC DE SAN ESTEVO DE CASTRO,
SAN FIZ E SAN MARTIÑO DE
AMARANTE**

CMVMC DE AIAN, VAL, TRASCASTRO

TERRENO MUNICIPAL DE GOLADA
PONTEVEDRA



**XUNTA
DE GALICIA**



**CONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL**

Deslindamento entre a CMVMC de Aian, Val e Trascastro (Concello Agolada, provincia de Pontevedra) e a CMVM de San Estevo de Castro, San Fiz e San Martiño de Amarante (Concello de Antas de Ulla, provincia de Ourense)

**XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
SERVICIO DE MONTES**

ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829
Escala 1:5.000

Febreiro-
2024

- DC22107
- Puntos do deslindamento
 - Liña do deslindamento
 - Concellos_IGN

